

MANUEL LUEIRO REY (1916-1990) A LIBERDADE FERIDA



 XERAIS

ARSENAL

XOÁN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE



Carreiros de compromiso, coma os que andou Manuel Lueiro Rey.

A mañá presentábase luminosa aquela sexta feira do comezo de agosto de 2008. Trátase de percorrer o segundo tramo da ruta, iniciada xa un tempo atrás, pola beira do curso baixo do río, que principiaba na singular parroquia mineira de Escudeiros.

Naquela ocasión os camiñantes, que máis ou menos seguían a ser os mesmos ca nesta nova xeira, fixeran con abraio e entusiasmo aquel traxecto de varios quilómetros sobre un balcón natural cheo de beleza virxe, a canal feita nos anos cincuenta ao abeiro da explotación das minas, que se inicia en remuíño no pozo do Cachón e segue entre enxebreza e marabilla ata chegar case ao pé da evocación megalítica que produce a contemplación do coto do Seoane. Coa auga fungando con forza para chegar canto antes ás terras do Ribeiro, perfectamente definidas dende o alto calquera mañá nos vales con neboeira, a través da aba da serra chegábase decontado á parroquia de Trasportela. Que ía ser arestora o punto de partida desta nova exploración. Que sería o que se convertese desta volta en poderosa nova emoción?

O programa previsto para aquel día era tan completo como suxestivo, da mañá á noite. Así, antes de se insinuaren as reviravoltas do luscofusco, tocaba asistir á proxección da película *A Mariñeira* e ao coloquio posterior con Antón Dobao, o seu director. Formaba parte dun ciclo de cinema programado dende a veciña Asociación Cultural Santa Bárbara, cuxa exhibición fora censurada, polas forzas da dereita gobernantes, nun local público do concello de Ramirás.

A comida estaba prevista que fose na localidade de Gomesende. Íase ver a fase final das obras da Casa da Tulla, agora convertida en fermoso albergue de turismo rural. A seguir agardaríanos unha mantenza ao ar libre, agasallo do bo facer culinario dunha familia amiga do grupo de acompañantes, nun magnífico souto no que se acabarían mesturando con harmonía os olores da natureza co recendo dos alimentos elaborados. Para axudar a facer a dixestión abondou o bafo do café da boa conversa. Era cuestión, logo, naquela mañá asoallada e prometedora, de amargar o xantar.

Despois de baixar dende a Arnoia Seca, principiábase, entón, a andaina no Viso e dende alí tentaríase chegar aos muíños da Chancela, noutrora explotados pola familia dos Reinos, un membro novo da cal guiaba agora a expedición.

O descenso, sinuoso pola lomba ata o curso fluvial, facíase a través de carreiros e pistas de terra, rodeados de fermosa vexetación. Xa no fondo, como o río ía baixo mais a auga levaba corrente abondo, houbo que procurar ben o paso máis axeitado por onde ir choutando entre os penedos que quedaban ao descuberto ata chegar á outra beira, no lado dos de Sande.

A contemplación daquela rexa arquitectura labrada en pedra do país en ruínas era unha estampa clara da situación de abandono e decadencia en que se deixara caer o noso interior. Esborralláraselle o traballo, as ilusións e os proxectos da xente que apostara por vivir e crear vida en harmonía coa natureza. Aínda que entre aquelas paredes xa nunca se volvese moer xofre ou grau, a paisaxe semellaba reclamar agora a súa maquí e coábase exuberante polas fendas termendo das pedras. Os piares da ponte entre as dúas beiras, por onde en tempos tanta xente transitara logo de pagar unha tarifa de paso, seguían a desafiar dende había décadas a levada tumultuosa da corrente.

Aquela mañá, xa preto do mediodía, os excursionistas tomaban folgos ao agarimo das sombras, debullando a conversa enchoupados de ilusión, coas alforxas ategadas de proxectos. Aqueles homes e mulleres, fillos ou netos da xeración do desarraigamento, amosábanse dispostos a pór en práctica o seu compromiso e facer xirar a moa do tempo a favor. Ía sendo tarde e era cuestión de retornar.

Había que volver ao punto de inicio, onda a fonte. Logo de repor minerais con aquela auga tan fresca, cumpría coller os coches e ir cara á capital do concello, sen máis tempo que perder.

Cando chegamos de regreso ás primeiras casas do lugar, o Eudosio, o noso guía daquela sesión, púxose á miña altura e, sinalando co furabolo da man esquerda, dixo, polo baixo no meu ouvido, unha mínima expresión, apenas intelixíbel, igual ca o estalo dun gatillo, mais intensa e efectiva coma o cheiro a pólvora que queda ao estrondar o percusor:

—É aí!

A miña sorpresa foi maiúscula. De socato sentín polo lombo o arreguizo dun calafriño pegañento que me enchoupaba de suor. O amigo acabábame de revelar o emprazamento exacto dunha intrigante historia da que me falara xa había ben anos, silenciada baixo segredo sumarial.

Era, precisamente, naquel sitio onde, agachadas entre o frescor e a humidade da adega, baixo unha morea de penedos, se ocultaran as armas do grupo guerrilleiro do que formara parte o seu avó. El fora, en concreto, o responsábel de organización

e propaganda daquela célula guerrilleira, de orientación comunista, integrada por xente de diversos puntos da contorna, que actuaba na bisbarra de Celanova.

Ao señor César Álvarez, o Reinos, baixo febles imputacións, detivérano a finais dos corenta e levárano, canda un irmán, ao presidio da capital da provincia, onde lle deran unhas boas malleiras para o facer falar.

A sorpresa, desta volta, gardábase en hucha de pedra. A semellanza de naqueloutra época maldita, na que o cofearan ben cofeado mais non lle lograran sacar ningunha información.

Decontado entramos no recinto da Casa da Armós, que exercera de cenobio franciscano, na primeira metade do século XVIII, mentres se ía construír o mosteiro do Val. Na altura dos feitos relatados pertencía ás propiedades da señorial Casa do Viso, que era onde vivían os seus bisavós.

Cando o prenderan, os seus compañeiros de grupo gardaran baixo sete chaves, mellor sería dicir baixo montes e moreas de pelouros, na penumbra do chan da adega, un auténtico arsenal de armamento, pistolas, fusís, granadas de man... que empregaban en lle facer fronte aos tuteladores do franquismo.

Ao saírmos daquela tan peculiar cova do tesouro, talvez haxa expresións máis acañadas para se referir ás reliquias dunha extraordinaria pasaxe de defensa da liberdade e da democracia, o contacto coa transparencia da atmosfera, nun predio lagarcío, baixo un sinfín de froiteiras, transformou a realidade.

Foi entón cando ouvín con claridade o eco da súa voz, rindo na súa ollada, rexa na cerna dos anos, coa serra en flor, no transcurso da romaría relixiosa do Val, que el ollaba, no eido da festa, por fóra do camposanto, dende a distancia, ao agarimo dos netos:

—Quixéronme amolar ben amolado, pero velaí os tes, un tras outro, foron indo todos diante! Para que cantase, tronzáronme a columna. E vaia se me ouviron. Nin máis nin menos. Canteilles a Internacional!

Aquelas palabras, ditas no coto daquela serra había apenas uns anos, zoaron agora no ar coma o voo dunha abella protexendo o seu enxame. A terra que o vira nacer e onde agora repousaba a súa memoria, logo de tantas trafegas vitais, era o escenario daquela confesión. Para non profanar o auténtico valor do silencio, só llo contara ao neto máis vello, aínda despois de lle morrer a muller. Ninguén máis soubera ren.

Na incerteza das sombras da madrugada semellaron ondear, coma na refolada dunha cortina entreaberta bambeada lenemente polo ar, os pregamentos dos pasos silandeiros da mariñeira de Quilmas perdéndose cara á serra. En definitiva dela era de onde proviña toda fonte da forza da resistencia. A ollada entón desviouse cara a outro lado, en dirección a Cartelle. Unha delgada raiola de claridade parecía emerxer ao ceo, coma se fose luz conxelada procedente dende o exilio dalgunha das fitas cinematográficas de Carlos Velo.

Intanxíbel e difuso coma o vento, unha ocasión, no arrepío do ano 38, un pobre, dos que por aquí se lles dicía 'hermano', de quen se pode coñecer a historia no libro *O Señor Afranio*, de Antón Alonso Ríos, cruzou, pasando de todo desapercibido, a ponte da Chancela nun descoido de parola do muiñeiro. Vese que non coñecía a outra cor da identidade, sacudida a fariña, de quen adoito andaba atarefado entre o tranquelear da moega, e que, por certo, dera acubillo e axudara a pasar moitos de cara ao exilio. Bo foi, malia isto, así a todo, que, ao final, despois de tantísimas penalidades, aquel particular e silencioso mendicante, conseguiu o seu obxectivo de cruzar a fronteira, a través da próxima raia, vía Castro Laboreiro, e fuxir do terror fascista ao alén mar.

Cadaquén padecérao ao seu xeito. Resistiu e fíxolle fronte como puido á barbarie. É hora xa de desenterrar do esquezo toda a munición, vital, material e dialéctica, que, coma o desta perdida na néboa célula celanovesa, xace baixo a terra do esquecemento e da falta do debido honor.

Cómpre, entón, divulgar, coñecer e recoñecer, dunha vez por todas, o labor impagábel dunhas xentes, anónimas nos máis dos casos, que, naquel tempo de exterminio e miseria, entregaron a súa vida a loitar por unha xusta causa. Como sempre se transmitiu a versión manipulada da historia por parte dos vencedores, nunca se dixo que a bandeira daquelas persoas, contra as que se encirrou, por carrilleiras, touzas e valgadas, máis violencia ca na caza do lobo ou xabaril, era a legalidade, a democracia e a verdade.

Pois foron, a fin de contas, os botados ao monte, os auténticos defensores da civilización. O seu será sempre un arsenal de entrega, compromiso e lealdade ao goberno da República que, aínda que sexa a destempo, vai sendo xa hora de desenferruxar e pór a relucir en urna brillante de cristal.